



## CONCELLO DE PORTAS

### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

**Expediente núm: 397/2024**

**Asunto: ADJUDICACIÓN NO EXPEDIENTE CONTRATACIÓN SUBMINISTRO DE VEHÍCULO ELÉCTRICO (FURGONETA ELECTRICA CON DISTINTIVO CERO EMISIONS), POR PROCEDIMIENTO ABERTO SIMPLIFICADO**

Vista a acta nº2 da unidade técnica de data 31 de xullo de 2024, que da Constancia do seguinte:

“Na Secretaría municipal do Concello de Portas, as 10:25 horas do día 31 de xullo de 2024, réunese a mesa de contratación trala convocatoria do seu presidente o día 09 de outubro de 2023.

Asiste ao acto o presidente, Ricardo Martinez Chantada, Alcalde do Concello de Portas; como vogais, asisten M<sup>a</sup> Carmen Carracelas Rosales, –secretaría-interventora-, Miguel Angel Maquieira Cancela –técnico medio- que tamén actúa como secretario.

Dáse resume das actuacións seguidas na xuntanza da mesa 1, na que se procedeu a apertura das ofertas e á valoración das ofertas recibidas:

“1.- Acto de apertura oferta criterios cuantificables automáticamente (art. 159): 397/2024

*Han concurrido las siguientes empresas:*

*NIF: A18210641 AZ MOTOR SA Fecha de presentación: 15 de julio de 2024 a las 13:32*

*NIF: B75189456 ECOTRUCK, S.L. Fecha de presentación: 16 de julio de 2024 a las 14:05*

*NIF: B36222727 TALLERES SANTIAGO IGLESIAS SL Fecha de presentación: 18 de julio de 204 a las 12:46*

*NIF: A28278026 STELLANTIS&YOU ESPAÑA SA Fecha de presentación: 22 de julio de 2024 a las 18:20*

*Constituida la unidad técnica, se procede al descifrado y apertura de los sobres. Tras la revisión de la documentación aportada por los licitadores, la unidad técnica, por unanimidad de sus miembros, concluye lo siguiente: dar por válidas las declaraciones responsables correspondientes y considerar admitidas a licitación a las siguientes empresas:*

*NIF: A18210641 AZ Motor SA*

*NIF: B75189456 ECOTRUCK, S.L.*

*NIF: B36222727 TALLERES SANTIAGO IGLESIAS SL*

*NIF: A28278026 STELLANTIS&YOU ESPAÑA SA*

2.- Acto de valoración oferta criterios cuantificables automáticamente (art. 159): 499/2023 - Adquisición de un vehículo eléctrico (furgoneta), de acuerdo con la memoria técnica de fecha 03/07/2024.

*La unidad técnica procede a analizar si existen ofertas que incurran en presunción de anormalidad de acuerdo con lo señalado en el PCAP, observándose que ninguno de*





## CONCELLO DE PORTAS

los licitadores admitidos incurre en presunción de anormalidad.

Cálculos:

1ª Media: 31.514,29

Media +10%: 34.665,72. Ninguna oferta superior.

Media -10%: 28.362,86

Las ofertas presentadas por las empresas admitidas presentan los siguientes valores

LICITADOR	PRECIO OFERTADO SIN IVA
AZ MOTOR SA	31.214,61
ECOTRUCK, S.L.	33.000,00
TALLERES SANTIAGO IGLESIAS SL	31.000,00
STELLANTIS&YOU ESPAÑA SAU	30.842,53

La unidad técnica, por unanimidad de sus miembros, considera preciso informe técnico en relación a las ofertas presentadas, que confirme el cumplimiento de las características y especificaciones técnicas requeridas en los pliegos”.

En data 30 de xullo de 2024, previo requirimento á empresa Stellantis&You España SAU para que confirme que o vehículo ofertado inclúe o cable de carga, emítase informe de urbanismo núm. 2024-0119, pola Arquitecta Municipal, no que se conclúe:

**PRIMEIRO.-** Una vez revisada a documentación aportada pola empresa A-Z Motor, S.A., pódese comprobar que en termos xerais a furgoneta ofertada cumpre co Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do contrato e coa Memoria Técnica. A valoración da proposta, seguirá os criterios expostos no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do contrato, alcanzando a oferta presentada unha puntuación de 98,81 puntos.

**SEGUNDO.-** Una vez revisada a documentación aportada pola empresa Stellantis & You España, S.A., pódese comprobar que en termos xerais a furgoneta ofertada cumpre co Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do contrato e coa Memoria Técnica. A valoración da proposta, seguirá os criterios expostos no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do contrato, alcanzando a oferta presentada unha puntuación de 100,00 puntos.

**TERCEIRO.-** Una vez comprobada e revisada a documentación aportada pola empresa Talleres Santiago Iglesias, S.L., pódese comprobar que a mesma non cumpre coas condicións expostas no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do contrato e na Memoria Técnica, nos seguintes aspectos:

- A batería é de 45 kWh, inferior a especificada na memoria técnica, na cal se especificaba que como mínimo tiña que ser de 50 kWh.

A valoración da proposta, seguirá os criterios expostos no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do contrato, alcanzando a oferta presentada unha puntuación de 99,49 puntos.

**CUARTO.-** Una vez comprobada e revisada a documentación aportada pola empresa Ecotruck, S.L., pódese comprobar que a mesma non cumpre coas condicións expostas no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do contrato e na Memoria Técnica, nos seguintes aspectos:





## CONCELLO DE PORTAS

- A batería é de 41,86 kWh, inferior a especificada na memoria técnica, na cal se reflectía que como mínimo tiña que ser de 50 kWh.
- O motor eléctrico é de 60,00 kW, inferior a especificada na memoria técnica, na cal se reflectía que como mínimo tiña que ser de 80 kW.
- A lonxitude total é de 4495 mm, inferior a especificada na memoria técnica, na cal se reflectía que como mínimo tiña que ser de 4600 mm.
- O ancho total é de 1680 mm, inferior a especificada na memoria técnica, na cal se reflectía que como mínimo tiña que ser de 1750 mm.
- A garantía é de 2 anos, inferior a especificada na memoria técnica, na cal se reflectía que como mínimo tiña que ser de 3 anos.

A valoración da proposta, seguirá os criterios expostos no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do contrato, alcanzando a oferta presentada unha puntuación de 93,46 puntos.

### CONCLUSIÓNS

De conformidade co exposto nas consideracións técnicas e legais do presente informe, as empresas Talleres Santiago Iglesias, S.L. e Ecotruck, S.L., quedan excluídas por non cumprir coas condicións expostas no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do contrato e na Memoria Técnica.

Se propón a adxudicación do contrato, mediante procedemento aberto simplificado sumario, trámite ordinario de "ADQUISICIÓN DUN VEHÍCULO ELÉCTRICO (FURGONETA)", á empresa Stellantis & You España, S.A.U., con CIF. A 28278026, por un importe máximo de 37.319,46 € (desglosado en 30.842,53 € máis 6.476,93 € de IVE), por ser á empresa que mellora o prezo de adxudicación, alcanzando unha puntuación de 100,00 puntos, superior á da empresa A-Z Motor, S.A., segundo a cláusula décima do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares."

**A Mesa, por unanimidade** das persoas asistentes e en base a documentación obrante no expediente e ao informe técnico emitido pola arquitecta municipal, **acorda**:

- Excluír a Talleres Santiago Iglesias S.L. e Ecotruck, S.L., quedan excluídas por non cumprir coas condicións expostas no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do contrato e na Memoria Técnica.
- Clasificar as ofertas admitidas presentadas polas empresas licitadoras que concorren non excluídas do seguinte xeito:

LICITADOR	PRECIO OFERTADO SIN IVA	PUNTUACIÓN
STELLANTIS & YOU ESPAÑA SA	30.842,53 €	100,00
A-Z MOTOR SA	31.214,61 €	98,81

- Formular proposta de adxudicación do contrato de subministración "Vehículo eléctrico (furgoneta eléctrica con distintivo cero emisións)" a favor de STELLANTIS & YOU ESPAÑA SAU, CIF A28278026.

A mesa comproba no ROLECE que a empresa está debidamente constituída e non está incurso en ningunha prohibición para contratar.

- Requirir a STELLANTIS & YOU ESPAÑA SA, para que no prazo de 7 días hábiles





## CONCELLO DE PORTAS

dende o envío da comunicación electrónica, presente a documentación prevista na cláusula décimo cuarta do PCAP:

- Documentación acreditativa de que o asinante da proposición ten poder bastante para formular a oferta.
- Certificado de estar ao corrente no cumprimento das obrigas de alta e pagamento ou exención do imposto de actividades económicas impostas polas disposicións vixente.
- Certificacións en vigor acreditativas de atoparse ao corrente das súas obrigacións tributarias coa Administración xeral do Estado e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes. A correspondente acreditación do cumprimento das obrigas coa Facenda municipal serán recabadas de oficio por esta administración municipal.

O Presidente dá por terminada a reunión as 12:00 horas, e para constancia do tratado, levanto a presente acta que eu, secretario da mesa, e trala súa lectura, paso á sinatura electrónica das persoas integrantes”.

Visto que en data, 01.08.04, a empresa STELLANTIS & YOU ESPAÑA SA, presenta a documentación requirida.

Visto que consta no expediente, certificado do ORAL, no que se fai constar que a entidade STELLANTIS & YOU ESPAÑA SA, non figura como debedora en período executivo co Concello de Portas.

Visto o informe de fiscalización da secretaría-intervención, de data 05.08.2024.

De acordo cos antecedentes expostos e coas actas da unidade técnica obrantes no expediente, e de conformidade có establecido na Disposición adicional segunda, da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, esta Alcaldía

### RESOLVE:

**PRIMEIRO.-** Clasificar as ofertas presentadas polas licitadoras que non resultaron excluídas ou rexeitadas as súas ofertas, con indicación expresa dos motivos de exclusión das licitadoras cuxas ofertas resultaron rexeitadas, pola orde decrecente de valoración, consonte prevé o artigo 159.4 f) 1º da LCSP do seguinte xeito:

LICITADOR	PRECIO OFERTADO SIN IVA	PUNTUACIÓN
STELLANTIS & YOU ESPAÑA SA	30.842,53 €	100,00
A-Z MOTOR SA	31.214,61 €	98,81

Os motivos de exclusión ou rexeitamento das ofertas das licitadoras que concorren son os seguintes: A exclusión das licitadoras Talleres Santiago Iglesias S.L. e Ecotruck, S.L., quedan excluídas por non cumprir coas condicións expostas no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do contrato e na Memoria Técnica.

**SEGUNDO.-** ADXUDICAR á empresa **STELLANTIS & YOU ESPAÑA SA**, NIF: A28278026, o contrato de subministro de **“VEHÍCULO ELÉCTRICO (FURGONETA ELECTRICA CON DISTINTIVO CERO EMISIÓN)”**, polo prezo ofertado de **37.319,46€** (30.842,53€+6.473,93€ de IVE), de conformidade coa proposta presentada e con suxeición





## CONCELLO DE PORTAS

---

ao prego de prescricións técnicas e prego de cláusulas administrativas que rexen a contratación.

O adxudicatario deberá cumprir as condicións incluídas na súa oferta, así como as obrigas derivadas da súa proposición, as procedimentais sinaladas nos PCAP e PPT e as relativas á execución do contrato nos termos previstos nos citados PCAP e nos PPT.

**TERCEIRO.-** Dispor o gasto correspondente por importe de 37.319,46 € con cargo á aplicación 172.624 do orzamento do 2024, debendo practicarse as anotacións contables que procedan.

**CUARTO.-** Notificar o presente acordo ás empresas ofertantes e á adxudicataria, advertindo ao adxudicatario que a formalización do contrato efectuarase mediante a firma de aceptación polo contratista da resolución de adxudicación, no prazo máximo de quince días hábiles contados a partir do día seguinte ao da notificación e publicación do acordo de adxudicación na Plataforma de Contratación do Sector Público. Advertir que de non cumprimentar dito requirimento, se actuará conforme ao art. 153.4 da LCSP. Publicar anuncio de adxudicación no perfil do contratante no prazo de 15 días.

**DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE NA MARXE**

